



**Facultade de Ciencias da Saúde**

**Grao en Terapia Ocupacional**

Curso académico 2018-2019

**TRABALLO DE FIN DE GRAO**

**Percepción das necesidades ocupacionais  
dos usuarios dunha vivenda comunitaria.**

**Sonia Vélez Vélez**

**Xuño 2019**

## **RELACIÓN DE DIRECTORAS**

Raquel Feal González. Profesora do Grao de Terapia Ocupacional da UDC. Terapeuta ocupacional.

Rebeca Ramos Modia. Terapeuta ocupacional.

## ÍNDICE

RESUMEN.....	1
RESUMO .....	2
ABSTRACT.....	3
1. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA .....	4
1.1 Envellecemento da poboación e terapia ocupacional.....	4
1.2 Dependencia e recursos asistenciais.....	8
2. BIBLIOGRAFÍA.....	13
3. HIPÓTESE.....	22
4. OBXECTIVOS .....	22
4.1 Obxectivo xeral .....	22
4.2 Obxectivos específicos.....	22
5. MATERIAL E MÉTODOS .....	23
5.1 Busca bibliográfica.....	23
5.2 Tipo de deseño .....	23
5.3 Contextualización.....	24
5.4 Entrada ao campo.....	26
5.5 Poboación de estudo.....	27
5.6 Técnicas de recollida de datos.....	29
5.7 Análise dos resultados.....	31
5.8 Limitacións do estudo .....	32
5.9 Rigor metodolóxico e credibilidade .....	32
5.10 Aplicabilidade .....	33
6. PLAN DE TRABALLO.....	34
7. ASPECTOS ÉTICOS.....	37
8. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS .....	37
8.1 Revistas científicas.....	37
8.2 Congresos.....	38
9. FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN .....	39
9.1 Recursos necesarios .....	39
9.2 Posibles fontes de financiamento.....	41
AGRADECEMENTOS.....	43
APÉNDICES.....	44

APÉNDICE I: consentimento para participar no estudo de investigación .....	44
APÉNDICE II: solicitude de aceptación do comezo do estudo de investigación .....	45
APÉNDICE III: folla de información sobre o estudo de investigación .....	46
APÉNDICE IV: entrevistas semiestruturadas.....	49
APÉNDICE V: solicitude ao Comité de Ética de Investigación Clínica de Galicia. ....	53
APÉNDICE VI: solicitude ao Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña.....	55
APÉNDICE VII: listaxe de acrónimos .....	56

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa I: piares do EA.....	5
Táboa II: definición de ocupación.....	7
Táboa III: catálogo galego de servizos e prestacións á dependencia.....	10
Táboa IV: criterios de inclusión e exclusión dos usuarios para a mostra de estudo.....	28
Táboa V: criterios de inclusión e exclusión dos familiares de usuarios para a mostra de estudo.....	28
Táboa VI: criterios de inclusión e exclusión dos profesionais do recurso para a mostra de estudo.....	29
Táboa VII: cronograma do plan de traballo.....	35
Táboa VIII: recursos económicos necesarios.....	40

## ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1: perfil poboacional do concello chairego.....	25
Figura 2: localización da comarca.....	25

## RESUMEN

**Introducción:** el envejecimiento de la población es la principal consecuencia del aumento de la esperanza de vida, de la baja tasa de natalidad y de los avances sanitarios.

Este fenómeno se asocia en muchas ocasiones con alteraciones en el desempeño ocupacional del individuo. La creciente preocupación ante esta realidad se plantea como un reto para la terapia ocupacional.

Por ello y paralelamente a esta realidad, emerge la necesidad de optimizar los recursos existentes dirigidos a los mayores.

Esta propuesta se centra en explorar las necesidades ocupacionales de los usuarios de una vivienda comunitaria de la comarca de A Terra Cha.

**Objetivo:** explorar las necesidades y vivencias ocupacionales de las personas que viven en una vivienda comunitaria.

**Metodología:** el estudio se llevará a cabo mediante una metodología cualitativa, desde un enfoque fenomenológico que permitirá estudiar el fenómeno en su contexto natural. Mediante esta metodología se dará a conocer la experiencia y percepción propias de los usuarios de dicho recurso.

Con el fin de recoger la información, se utilizarán dos técnicas: la observación participante y la entrevista semiestructurada.

**Palabras clave:** terapia ocupacional, mayores, envejecimiento activo, calidad de vida, ocupación, vivienda comunitaria.

**Tipo de trabajo:** proyecto de investigación.

## RESUMO

**Introdución:** o envellecemento da poboación é a principal consecuencia do aumento da esperanza de vida, da baixa taxa de natalidade e dos avances sanitarios. Este fenómeno asóciase en moitas ocasións con alteracións no desempeño ocupacional do individuo. A crecente preocupación ante esta realidade formúlase como un reto para a terapia ocupacional.

Por iso, e paralelamente a este fenómeno, xorde a necesidade de optimizar os recursos existentes dirixidos ás persoas maiores.

Esta proposta céntrase en explorar as necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria da comarca da Terra Cha.

**Obxectivo:** explorar as necesidades e vivencias ocupacionais das persoas que viven nunha vivenda comunitaria.

**Metodoloxía:** o estudo levarase a cabo mediante unha metodoloxía cualitativa, desde un enfoque fenomenolóxico que nos permitirá estudar o fenómeno no seu contexto natural. Mediante esta metodoloxía darase a coñecer a experiencia e percepción propias dos usuarios do dito recurso.

Co fin de recoller a información, empregaranse dúas técnicas: a observación participante e a entrevista semiestructurada.

**Palabras clave:** terapia ocupacional, maiores, envellecemento activo, calidade de vida, ocupación, vivenda comunitaria.

**Tipo de traballo:** proxecto de investigación.

## ABSTRACT

**Introduction:** the aging of the population is main consequence of the increase in life expectancy, the low birth rate and health advances. This phenomenon is often associated with alterations in the occupational performance of the individual. The growing concern with this reality is posed as a challenge for occupational therapy.

Therefore, and in parallel with this reality, there is a need to optimize the existing resources provided to the elderly.

This proposal focuses on exploring the occupational needs of the users of a community dwelling in the region of A Terra Cha.

**Objective:** explore the needs and occupational experiences of people living in a communal home.

**Methodology:** the study will be carried out through a qualitative methodology, from a phenomenological approach that will allow studying the phenomenon in its natural context. Through this methodology, the experience and perception of the users of said resource will be made known.

In order to collect the information, two techniques will be used: participant observation and semi-structured interview.

**Keywords:** occupational therapy, elderly, active aging, quality of life, occupation, community housing.

**Type of work:** investigation project.



## 1. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

### 1.1 Envellecemento da poboación e terapia ocupacional

O envellecemento da poboación española, xunto coa baixa natalidade está producindo un cambio no perfil demográfico, polo que se presenta un novo reto de intervención dende diferentes disciplinas<sup>(1-2)</sup>.

De acordo cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), o envellecemento da poboación é un fenómeno ben acusado na última década en todo o territorio nacional<sup>(1)</sup>.

Segundo a literatura revisada, contribúen a este feito a baixa natalidade e o aumento de esperanza de vida<sup>(1)</sup>. Isto último relaciónase directamente cos avances científicos, a alta calidade da sanidade pública e as iniciativas sociais<sup>(1-2)</sup>. Ao mesmo tempo, a baixa natalidade asóciase coa incorporación da muller ó eido laboral e ás precarias condicións económicas<sup>(3)</sup>.

Tendo en conta as proxeccións futuras dun aumento progresivo destas cifras, o INE estima que no ano 2050 o 30 % da poboación española estará representada por maiores de 65 anos, o que se aproximaría aos 13 millóns de persoas e os octoxenarios ascenderán a catro millóns. Paralelamente a producirse no territorio español un envellecemento da poboación, existen estudos que amosan que este é máis acentuado ca no resto de estados europeos; o que fai pensar que existe unha necesidade presente de atender a esta realidade<sup>(1)</sup>.

Ante esta situación resulta obrigado implementar plans estratéxicos ou novos programas que melloren a calidade de vida do colectivo, así como dar resposta ás necesidades da poboación, tanto presentes como futuras<sup>(4)</sup>. Asimesmo, a sociedade tamén demanda unha cobertura económica que se garanta mediante plans de pensións<sup>(5)</sup>.

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), o envellecemento constitúe un amplo abano de novas oportunidades, tanto a nivel persoal como comunitario. Existen diversas acepcións relacionados co termo envellecemento. En liñas xerais, pódese definir

como un conxunto de cambios funcionais e biolóxicos que presenta o individuo en relación co paso do tempo<sup>(3)</sup>. É certo que existe diversa literatura que recolle numerosos prexuízos asociados a este grupo etario, polo que o desenvolvemento de iniciativas a prol do envellecemento activo (EA), mellorarán a calidade de vida e a autoestima dos maiores<sup>(6)</sup>.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) cita o termo EA por primeira vez a finais dos anos noventa, co obxectivo de ofrecer unha nova concepción do envellecemento saudable. A OMS define no mes de abril de 2002, o EA como "o proceso polo que se optimizan as oportunidades de benestar físico, social e mental durante toda a vida, co obxectivo de ampliar a esperanza de vida saudable, a produtividade e a calidade de vida na vellez"<sup>(4)</sup>. Os tres piares fundamentais nos que se basea este novo movemento son:

Participación, saúde e seguridade (véxase a táboa I)<sup>(7)</sup>.

#### Táboa I: piares do EA

Fonte: elaboración propia a partir da Revista Archivo Médico de Camagüey

Piares do EA	
<b>Participación:</b>	Dereito a manter o sentimento de pertenza a unha comunidade
<b>Saúde:</b>	Prevenición de enfermidade e promoción de hábitos saudables
<b>Seguridade:</b>	Dereito á seguridade como persoa e participante da vida pública

A nivel autonómico, a Xunta de Galicia, tamén tenta dar resposta a estas novas necesidades comunitarias, poñendo en marcha algunhas iniciativas a prol desta nova filosofía. Entre os programas actuais que xorden do EA podemos mencionar: "Xuntos polo Nadal" e "Programa de benestar a través da talasoterapia". A primeira iniciativa ten como obxectivo que as persoas maiores non pasen estas datas de celebración e festividade en soidade; mentres que a segunda tenta facilitarles ás

persoas maiores o acceso á talasoterapia en épocas en que a climatoloxía limita o acceso ás augas mariñas<sup>(8)</sup>.

En liñas xerais, a literatura define o envellecemento activo como unha nova filosofía política que implica un novo cambio de visión fronte á poboación maior. Esta nova concepción considera o individuo maior como un ser en continua participación comunitaria<sup>(9)</sup>. Existe evidencia de que a terapia ocupacional podería potenciar este novo concepto do envellecemento, así como a autonomía e a participación social<sup>(10)</sup>.

No ano 1988 a OMS menciona por primeira vez o termo calidade de vida (CV)<sup>(11)</sup>, que define como "a percepción que un individuo ten do seu lugar na existencia, no contexto da cultura e do sistema de valores en que vive e en relación cos seus obxectivos, as súas expectativas, as súas normas, as súas inquedanzas. Trátase dun concepto que está influído pola saúde física do suxeito, o seu estado psicolóxico, o seu nivel de independencia, as súas relación sociais, así como a súa relación co contorno"<sup>(12)</sup>. Deste xeito, considérase a CV como un elemento decisivo de cara á toma de decisións na etapa da xubilación<sup>(13)</sup>. Nembargantes, é preciso sinalar que a CV é un elemento que non só repercutirá nos maiores, senón que será un beneficio común para toda a sociedade en xeral<sup>(14)</sup>.

Enténdese o fenómeno da xubilación como un dos feitos máis relevantes no proceso de envellecemento. A perda do rol de traballador, que socialmente marca a fronteira entre o individuo adulto e o individuo maior, desencadea en ocasións sentimentos de frustración por asociarse a unha etapa improdutivo<sup>(15)</sup>.

Aínda así, débese considerar este feito como unha oportunidade para unha nova elección de ocupacións significativas; pois a organización das diferentes actividades en que nos involucramos diariamente pode atrasar a dependencia e favorecer a dita calidade de vida<sup>(14,16)</sup>.

A Fundación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) define a terapia ocupacional como "unha profesión que se ocupa da promoción da Saúde e do Benestar a través da ocupación. O principal obxectivo da

terapia ocupacional é capacitar as persoas para participar nas actividades da vida diaria e aumentar a súa capacidade para participar nas ocupacións que queren, necesitan ou se espera que fagan, mediante a modificación da ocupación e/ou do ambiente para mellorar o seu compromiso ocupacional"<sup>(17)</sup>.

A día de hoxe pódense atopar múltiples definicións de ocupación, entre as que destaca a seguinte (véxase a táboa II)<sup>(18)</sup>.

**Táboa II: definición de ocupación**

**Fonte: elaboración propia a partir do Marco de Traballo para a práctica da Terapia Ocupacional: Dominio e proceso. 2ª Edición**

Ocupación:
"Actividades diarias que reflicten valores culturais, prové estrutura de vida e significado aos individuos; esas actividades relaciónanse coas necesidades humanas de auto-coidado, goce e participación na sociedade". (Crepeau, Cohn, e Schell, 2003, p. 1031).

Segundo o Marco de Traballo para a Práctica da Terapia Ocupacional, as diferentes ocupacións englobanse en categorías ou áreas da ocupación. Podemos falar así de actividades básicas da vida diaria (ABVD), actividades instrumentais da vida diaria (AIVD), descanso e sono, educación, traballo, xogo, ocio e participación social. Segundo a Asociación Americana de Terapia Ocupacional (AOTA), as ABVD son aquelas actividades referidas ao coidado persoal, mentres que as AIVD fan referencia a aquelas actividades destinadas á interacción co medio, cuxa realización xeralmente é opcional<sup>(18)</sup>.

Un obxectivo claro do EA é o de mellorar a calidade de vida das persoas maiores, respondendo ás necesidades ocupacionais e buscando un equilibrio ocupacional. Por un lado, enténdese como necesidade ocupacional "a percepción dunha brecha ocupacional; que altera o sentimento de satisfacción de vida e modifica a participación da persoa no desempeño de ocupacións significativas"<sup>(19)</sup>. Enténdese como brecha

ocupacional "a brecha que ocorre entre o que un individuo quere e precisa facer, e o que el/ela realmente fai". Esta definición implica unha contextualización temporal, con visión de futuro<sup>(19)</sup>.

Por outro lado, o concepto de equilibrio ocupacional mudou moito ó longo da historia. Desde a primeira aparición do vocábulo, no ano 1997, ata os días de hoxe, as acepcións foron moi diversas. Con todo, pódese definir como un proceso dinámico, que non supón só unha implicación igualitaria no tempo dedicado ás diferentes ocupacións, senón que o concepto vai máis aló e leva consigo unha correcta interacción entre persoa-ocupación-contorno<sup>(20)</sup>. A literatura existente afirma que o mantemento equilibrado destas ocupacións significativas por parte da persoa maior, mellora a súa autoestima<sup>(16,21)</sup>. O propio proceso de envellecemento conduce moitas veces a unha perda da capacidade funcional e, como consecuencia, a unha menor calidade de vida percibida pola persoa, o que pode desencadear nalgúns casos unha situación de dependencia<sup>(22)</sup>.

## **1.2 Dependencia e recursos asistenciais**

Segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro, da Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia, defínese o termo de dependencia como "O estado de carácter permanente en que se encontran as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan a atención doutra ou doutras persoas ou axudas importantes para realizar as actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal"<sup>(23)</sup>. Segundo a severidade da dita dependencia, pódese falar de tres graos de dependencia<sup>(24)</sup>:

**Grao I. Dependencia moderada:** cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, polo menos, unha vez ao día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía funcional.

**Grao II. Dependencia severa:** cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a autonomía funcional.

**Grao III. Gran dependencia:** cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial precisa do coidado indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidade de apoio xeneralizado para a súa autonomía funcional.

Segundo o grao de dependencia recoñecido, o catálogo de servizos e prestacións ofrécelle á poboación maior as seguintes posibilidades (véxase a táboa III)<sup>(25)</sup>:

**Táboa III: catálogo galego de servizos e prestacións á dependencia**

**Fonte: elaboración propia a partir de Política social. Xunta de Galicia**

**Catálogo galego de servizos e prestacións á dependencia:**

- ✚ **Teleasistencia e xeolocalización:** mediante o uso de dispositivos tecnolóxicos búscase dar resposta a situación de emerxencia, illamento, inseguridade ou soidade (a través de liña telefónica ou dispositivo GPS).
- ✚ **Axuda no fogar:** actuacións dirixidas á atención de carácter persoal, que buscan aumentar a autonomía e mellorar a calidade de vida da persoa dependente, garantindo así a súa permanencia no propio fogar
- ✚ **Servizo de atención diúrna:** atención integral durante a estadía diúrna, co obxectivo de mellorar ou manter a autonomía persoal e ofrecer apoio á rede familiar ou aos cuidadores
- ✚ **Servizo de atención nocturna:** atención integral durante a estadía nocturna, co obxectivo de atender as necesidades persoais e ofrecer apoio á rede familiar ou cuidadores
- ✚ **Servizo de atención residencial:** presta atención integral e continuada durante 24 horas, tendo en conta o grao de dependencia de cada persoa e os cuidados que precise. Pode ser de carácter permanente (residencia habitual) ou temporal (períodos de vacacións, respiros familiares ou de cuidadores, fins de semana...)
- ✚ **Prestacións económicas (libranzas):** libranza para cuidados no contorno familiar, libranza de asistente persoal, libranza para a adquisición dun servizo
- ✚ **Outros servizos de axudas ás persoas dependentes recollidas no catálogo galego** (Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, adquisición e reparación de axudas técnicas para a autonomía persoal e produtos de apoio e eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación funcional).

Como se reflicte na táboa anterior, a vivenda comunitaria non é un recurso que estea recollido no Catálogo galego de servizos e prestacións á dependencia. Paralelo a isto, resulta complexo localizar literatura que relacione a disciplina da terapia ocupacional e a vivenda comunitaria no eido das persoas maiores.

Porén, si existe evidencia do papel da terapia ocupacional en vivendas comunitarias ou pisos tutelados dirixidos ao ámbito da saúde mental<sup>(26)</sup>. Seguindo esta liña, existe literatura que recolle que a intervención de terapia ocupacional debe aproveitar os recursos comunitarios<sup>(27)</sup>.

Así mesmo, revisando a literatura existente, afírmase que o envellecemento inflúe sobre a capacidade funcional do individuo. Segundo os resultados recollidos na última enquisa Nacional de Saúde (ENSE 2012), case un 40 % dos maiores de 65 anos entrevistados referiron problemas de mobilidade, aproximadamente un 18 % limitacións no desempeño durante o autocoidado e un 27,5 % compromiso no resto de actividades diarias. Ademais esta enquisa recolle que arredor do 80 % das persoas entrevistadas refire principalmente problemas físicos como causa da limitación. Á vista destes resultados, non hai dúbida de que a terapia ocupacional ten un importante labor nesta situación de posible compromiso funcional, principalmente na prevención<sup>(23)</sup>.

Por outra banda, a literatura recolle que un 33 % destas limitacións se poden compensar co uso de produtos de apoio<sup>(28)</sup>.

Segundo a Orde do 20/07/2010 pola que se modifica a Orde do 18/04/1996, relativa á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 145 do venres 30/07/2010, sobre os servizos sociais residenciais para a terceira idade defínense as vivendas comunitarias como: "Equipamentos de pequeno ou mediano tamaño destinados a albergar en réxime de convivencia case familiar un número máximo de 12 persoas que, sendo autónomas ou tendo unha dependencia moderada do grao I, niveis 1 e 2, non presenten graves



problemas de mobilidade<sup>(29)</sup>. É importante dicir, que no ano 2012, a nivel estatal eliminouse esta distinción entre niveis. Esta lexislación segue sendo aplicable pero facendo referencia soamente á dependencia moderada de grao I. Este grao de dependencia implica un apoio diario intermitente, é dicir, precísase axuda para a realización das ABVD, pero non máis dunha vez ao día<sup>(24)</sup>.

Segundo a Constitución Española, no seu artigo 19, os españois poden decidir libremente a súa residencia<sup>(30)</sup>. Sen embargo, na realidade unha persoa con dependencia moderada ou gran dependencia non ten dereito a vivir nunha vivenda comunitaria, a pesar de que, *a priori*, parece que se trata dunha libre elección. Por tanto, a perda funcional que moitas veces aparece parella ó envellecemento, tal e como se explicou anteriormente, pode ser unha causa para privar a persoa maior dun dereito fundamental. Ante esta realidade, a literatura recolle a eficacia da terapia ocupacional no eido da prevención, evitando ou atrasando a dita situación de dependencia<sup>(28)</sup>.

## 2. BIBLIOGRAFÍA

1. Fernández JL, Parapar C, Ruíz M. El envejecimiento de la población. *Lychnos*. [Internet]. 2010 [consultado 2018 Out 10]; 2. Disponible en: [http://www.fgcsic.es/lychnos/es-es/articulos/envejecimiento\\_poblacion](http://www.fgcsic.es/lychnos/es-es/articulos/envejecimiento_poblacion)
2. Stewart S, Harvey I, Poland F, Lloyd-Smith W, Mugford M and Flood C. Are occupational therapists more effective than social workers when assessing frail older people? Results of CAMELOT, a randomised controlled trial. *Age & Ageing* [Internet]. 2005 [consultado 2018 Out 20] ; 34(1): 41-6. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/15525654>
3. Millán JC. Envejecimiento y calidad de vida. *Rev Gal Econ* [Internet]. 2011 [consultado 2018 Out 20]; 20:1-13. Disponible en: <https://www.redalyc.org/html/391/39121275006/>
4. Organización Mundial de la Salud (OMS). Envejecimiento activo: Un marco político. *REGG* [Internet]. 2002 [consultado 2018 Out 20]; 37: 74-105. Disponible: <http://envejecimiento.csic.es/documentos/documentos/oms-envejecimiento-01.pdf>
5. World population ageing. Department of Economic and Social Affairs, Population Division. United Nations. 2009. [consultado 2018 Oct 27]. Disponible en: [http://www.un.org/en/development/desa/population/publications/pdf/ageing/WPA2015\\_Report.pdf](http://www.un.org/en/development/desa/population/publications/pdf/ageing/WPA2015_Report.pdf)

6. Causapié Lopesino P, Balbontín López-Cerón A, Porras Muñoz M, Mateo Echanagorría A. Envejecimiento activo. Libro blanco. 1ª ed. Madrid: IMSERSO; 2011. Disponible en:  
[http://www.imserso.es/InterPresent2/groups/imserso/documents/binario/8088\\_8089libroblancoenv.pdf](http://www.imserso.es/InterPresent2/groups/imserso/documents/binario/8088_8089libroblancoenv.pdf)
  
7. Duque JM, Mateo A, Martínez MI, Criado S, Sanabria F, Carcagn G. Participación social de las personas mayores. Colección Estudios Serie Personas Mayores. [Internet]. Madrid: Instituto de Mayores y Servicios Sociales; 2008 [consultado 2019 Xan 11]; (11005): p.26. Disponible en:  
<http://www.imserso.es/InterPresent2/groups/imserso/documents/binario/11005partsocialmay.pdf>
  
8. Xunta de Galicia. Plans e Programas: Política Social. [Internet]. 2018 [consultado 2019 Xan 22] Disponible en:  
<https://politicassocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas>
  
9. Ramos A, García M, Miranda M. El envejecimiento activo: importancia de su promoción para sociedades envejecidas. Rev Arch Med Camagüey [Internet]. 2016 [consultado 2019 Xan 22]; 20(3). Disponible en:  
[http://scielo.sld.cu/scielo.php?script=sci\\_arttext&pid=S1025-02552016000300014](http://scielo.sld.cu/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1025-02552016000300014)

10. G. Hunter E. Occupational Therapy Interventions to Improve Performance of Instrumental Activities of Daily Living for Community-Dwelling Older Adults: A Systematic Review. AOTA [Internet] 2018 [consultado 2018 Xan 21] ; volume (72) Disponible en:  
[https://www.researchgate.net/publication/326047632\\_Occupational\\_Therapy\\_Interventions\\_to\\_Improve\\_Performance\\_of\\_Instrumental\\_Activities\\_of\\_Daily\\_Living\\_for\\_Community-Dwelling\\_Older\\_Adults\\_A\\_Systematic\\_Review](https://www.researchgate.net/publication/326047632_Occupational_Therapy_Interventions_to_Improve_Performance_of_Instrumental_Activities_of_Daily_Living_for_Community-Dwelling_Older_Adults_A_Systematic_Review)
11. De León Rodríguez D, Cantero Garlito PA, Zabala Baños M. Desempeño ocupacional y calidad de vida en personas con adicción a sustancias. TOG (A Coruña) [revista en Internet]. 2013 [fecha de la consultado 2019 Xan 13]; 10(18): [21 p.]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num18/pdfs/original1.pdf>
12. Organización Mundial de la Salud (OMS). Ecured [Internet]. 2019 [consultado 2019 Abr 20]. Disponible en: [http://www.ecured.cu/Calidad\\_de\\_vida#Definici.C3.B3n\\_seg.C3.BA\\_n\\_la\\_Organizaci.C3.B3n\\_Mundial\\_de\\_la\\_Salud](http://www.ecured.cu/Calidad_de_vida#Definici.C3.B3n_seg.C3.BA_n_la_Organizaci.C3.B3n_Mundial_de_la_Salud)
13. Aguilar JM, Padilla D, Manzano A. Importancia de la ocupación en el desarrollo del mayor y su influencia en su salud. IJODAEP. [Internet]. 2016. [consultado 2019 Xan 11]; 1(1): 247-248. Disponible en: [www.redalyc.org/pdf/3468/349851776028.pdf](http://www.redalyc.org/pdf/3468/349851776028.pdf)
14. Bernardini-Zambrini DS. Healthy aging and intergenerational solidarity. Latin América and its momento of opportunity. Rev Col Med. 2012; 43 (2): 112-113. Disponible en: <http://europepmc.org/articles/PMC4001946>

15. Jonsson H, Josephsson S, Kielhofner G. Narratives and Experience in an Occupational Transition: A Longitudinal Study of the Retirement Process. *American Journal of Occupational Therapy*. 2001; 55: 424-432. Disponible en:<http://pdfs.semanticscholar.org/b55a/9768ef2089be6c0516eb7ebc879359e5fc11.pdf>
  
16. Guilmour H. Social participation and the health and well-being of Canadian seniors. *Component of Statistics Canada*. [Internet]. 2012. [consultado 2019 Xan 11]; 23(4):13. Disponible en: <http://www150.statcan.gc.ca/n1/pub/82-003-x/2012004/article/11720eng.htm>
  
17. World Federation of Occupational Therapist. Definition of Occupational Therapy [internet]. 2012 [consultado 2018 Dec 15]. Disponible en: <http://www.wfot.org/ResourceCentre.aspx>
  
18. Ávila A, Martínez R, Matilla R, Máximo M, Méndez B, Talavera MA et al. Marco de Trabajo para la práctica de la Terapia Ocupacional: Dominio y proceso. 2da Edición [Traducción]. [www.terapia-ocupacional.com](http://www.terapia-ocupacional.com) [portal de internet]. 2010 [consultado 2019 Xan 13]; [85p.]. Disponible en: <http://www.terapia-ocupacional.com/aota2010esp.pdf> Traducido de: American Occupational Therapy Association (2008). *Occupational therapy practice framework: Domain and process* (2nd ed.).

19. Echevarría A, Ortega P, Riquelme V. Explorando necesidades ocupacionales: un estudio de caso. Rev Chil Ter Ocupacional [Internet] 2009 [consultado 2019 Xan 22]; volume (9) Disponible en:  
<http://revistaterapiaocupacional.uchile.cl/index.php/RTO/article/view/88/71>
20. Peral Gómez P, López-Roig S (dir). Equilibrio ocupacional en Estudiantes de Terapia Ocupacional [Tese]. [Elche]: Universidad Miguel Hernández de Elche; 2017.
21. Aguilar-Parra JM, Padilla Góngora D, Manzano A. Importancia de la ocupación en el desarrollo del mayor y su influencia en su salud. International J Develop Educ Psychol [Internet] 2016[consultado 2018 Dec 21]; volume (1) Disponible en:  
<http://www.redalyc.org/pdf/3498/349851776028.pdf>
22. OMS. Informe mundial sobre envejecimiento y la salud. [Internet]. Ginebra: 2015 [consultado 2018 Dec 21]. Disponible en:  
[http://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/186466/9789240694873\\_spa.pdf;jsessionid=67C0FB1ADF32FBF1867D0EF9CC8555E3?sequence=1](http://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/186466/9789240694873_spa.pdf;jsessionid=67C0FB1ADF32FBF1867D0EF9CC8555E3?sequence=1)
23. Política Social. Que é a dependencia? [Internet]. 2019 [consultado 2019 Xan 16]. Disponible en:  
<http://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/maiores-e-dependencia/que-e-dependencia>
24. Política Social. Graos a niveis das prestacións. [Internet]. 2019 [consultado 2019 Xan 6]. Disponible en:  
<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/gaos-a-niveis-das-prestacions>

25. Política Social. Catálogo de servizos e prestacións. [Internet]. 2019 [consultado 2019 Xan 19]. Disponible en: <http://politicasocial.xunta.gal/gl/temas/maiores-e-dependencia/catalogo-de-servizos-e-prestacions>
  
26. Comité Gestor del Consejo de Colegios de Terapia Ocupacional y Asociaciones Profesionales de Terapia Ocupacional. Informe técnico sobre Terapia Ocupacional: La colegiación obligatoria en el ejercicio profesional de los Terapeutas Ocupacionales en España. Madrid, Marzo 2013. [consultado 2019 Mai 19]. Disponible en: <http://www.terapeutas-ocupacionales.es/assets/files/COFTOCLM/informe%20tecnico%20sobre%20terapia%20ocupacional.pdf>
  
27. Talavera Valverde, MA. Guía orientativa de recomendaciones para la intervención del Terapeuta Ocupacional en Trastorno Mental Grave. TOG (A Coruña) [revista en Internet]. 2007 [-fecha de cita-]; (5): [52 p.]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num5/pdfs/revision2.pdf>
  
28. Bohórquez Santos P, Henriques Rego L (dir). Plan de intervención desde Terapia Ocupacional para envejecer en el domicilio: un estudio de caso [Tese]. [Cáceres]: Universidad Europea del Atlántico; 2017. Disponible en: [http://www.terapiaocupacional.com/articulos/Envejecer\\_domicilio\\_terapia\\_ocupacional\\_Bohorquez\\_Santos\\_nov17.pdf](http://www.terapiaocupacional.com/articulos/Envejecer_domicilio_terapia_ocupacional_Bohorquez_Santos_nov17.pdf)
  
29. Diario Oficial de Galicia Orde 30-04-2009 [Internet]2010 [consultado 2019 Feb 2] Disponible en: [http://avepss.traballoeibenestar.xunta.es/documentacion/orde\\_20\\_xullo\\_2010\\_requisitos\\_centros\\_maiores.pdf](http://avepss.traballoeibenestar.xunta.es/documentacion/orde_20_xullo_2010_requisitos_centros_maiores.pdf)

30. Constitución Española de 1978. Boletín Oficial del Estado, nº 311, (2 de diciembre de 1978)
31. Hernández Sampieri R, Fernández Collado C, Baptista Lucio P. Metodología de la investigación. El oso panda [Internet] 2014 [consultado 2019 Feb 2] Disponible en: <http://observatorio.epacartagena.gov.co/wpcontent/uploads/2017/08/metodologia-de-la-investigacion-sexta-edicion.compressed.pdf> pax 11 2/2/19
32. Colmenares E AM. Investigación-acción participativa: una metodología integradora del conocimiento y la acción. Voces y Silencios: Rev Latinoam Educ [Internet] 2012 [consultado 2019 Mar 3] ; volume (3) Disponible en: <https://revistas.uniandes.edu.co/doi/pdf/10.18175/vys3.1.2012.07>
33. Enciclopedia libre [Internet] 2019 [consultado 2019 Mar 19]. Disponible en: <http://es.wikipedia.org/wiki/Cospeito>
34. Concello de Cospeito [Internet] 2019 [consultado 2019 Mar 19]. Disponible en: <https://www.concellodecospeito.es/es/servicios-sociales/>
35. Martín Crespo MC, Salamanca Castro AB. El muestreo en la investigación cualitativa. Nure Investigación [Internet] 2007 [consultado 2019 Mar 3] ; volume (27) Disponible en: <http://ceppia.com.co/Documentos-tematicos/INVESTIGACION-SOCIAL/MUESTREO-INV-CUALITATIVA.pdf> 03/03/2019



36. Vázquez Navarrete ML, Ferreira da Silva MR, Mogollón Pérez AS et al. Introducción a las técnicas cualitativas de investigación aplicadas en salud. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona; 2006.
37. Kawulich B. La observación participante como método de recolección de datos [Internet]. 2005 [consultado 2019 Mar 12]; 6(2). Disponible en:  
<http://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/-466998>
38. Díaz L, Torruco U, Martínez M, Varela M. La entrevista, recurso flexible y dinámico. Investig Educ Med [Internet]. 2013 [consultado 2018 Ag 10]; 2(7):162-167. Disponible en:  
[http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci\\_arttext&pid=S200750572013000300009&lng=es](http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S200750572013000300009&lng=es)
39. Muestra Internacional de Ciencia y Tecnología. Cuaderno de campo. MOSTRATEC. [Internet] 2018. [consultado 2019 Feb 15]. Disponible en:  
<http://www.mostratec.com.br/es/edicion-actual/desarrolle-suproyecto/cuaderno-de-campo>
40. Hernandez Sampieri R, Fernandez Collado C, Baptista Lucio M del P. Metodología de la investigación. 5ª ed. México: The McGraw-Hill; 2010
41. Pedraz Marcos A, Zarco Colón J, Ramasco Gutiérrez M, Palmar Santos AM. Colección Cuidados de Salud Avanzados: Investigación Cualitativa. Gea Consultoría. Travessera de Gràcia; 2014.

42. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais. Boletín Oficial del Estado nº 294, de 6 de diciembre de 2018.

<https://www.boe.es/eli/es/lo/2018/12/05/3>

43. Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos. Reglamento General del Estado, 2016. <https://www.boe.es/doue/2016/119/L0000>

### **3. HIPÓTESE**

Segundo a metodoloxía elixida, non se pode definir unha hipótese pechada, posto que no enfoque cualitativo os datos emerxen durante ou ao final da propia investigación<sup>(31)</sup>.

### **4. OBXECTIVOS**

#### **4.1 Obxectivo xeral**

- Explorar as necesidades e vivencias ocupacionais da poboación de estudo, co fin de manter ou mellorar a calidade de vida das persoas que residen na vivenda comunitaria e desenvolver un programa de terapia ocupacional.

#### **4.2 Obxectivos específicos**

- Describir as vivencias das persoas participantes en relación co seu desempeño nas diferentes áreas de ocupación.
- Explorar os intereses da poboación que reside na vivenda comunitaria, así como explorar os seus roles e rutinas.
- Comprender os significados das historias de vida de cada unha das persoas participantes.
- Dar a coñecer o papel da terapia ocupacional neste recurso.
- Coñecer como perciben os usuarios a súa calidade de vida desde o seu ingreso na vivenda comunitaria.
- Descubrir as expectativas de familiares e traballadores en relación co desempeño ocupacional dos residentes.
- Avaliar o grao de independencia das persoas residentes no eido das AVD.

## 5. MATERIAL E MÉTODOS

### 5.1 Busca bibliográfica

Para realizar a busca bibliográfica revisáronse diferentes bases de datos, literatura consultada na biblioteca da Universidade da Coruña e tamén o buscador Google académico. Así mesmo, empregáronse páxinas web para a consulta puntual de información relacionada co BOE, DOG, INE, IGE e Xunta de Galicia.

No caso das bases de datos, empregáronse como descritores "Terapia Ocupacional", "mayores", "envejecimiento activo", "calidad de vida", "ocupación", "vivienda comunitaria", "piso tutelado", "Occupational Therapy", "elderly", "old people", "active aging", "community housing", "communal house", "protected flat" e "quality of life". Ademais incluíuse o operador boleano "AND" e "y".

As bases de datos consultadas foron: Pubmed, Scopus, Dialnet, Biblioteca Cochrane e OTseeker.

Para a selección dos artigos establecéronse os seguintes criterios de inclusión:

- Artigos que conteñan as palabras clave indicadas
- Artigos escritos en lingua inglesa, española ou portuguesa
- Artigos dispoñibles a texto completo
- Artigos publicados nos últimos cinco anos

### 5.2 Tipo de deseño

O estudo enmárcase dentro da metodoloxía cualitativa, xa que é preciso estudar o fenómeno no seu contexto natural. Concretamente, empregárase un enfoque fenomenolóxico<sup>(31)</sup>. Este estudo ten un fin exploratorio, por tanto, a finalidade é dar a coñecer as necesidades ocupacionais dos usuarios.

Con esta investigación preténdese explorar as necesidades ocupacionais das persoas usuarias da vivenda comunitaria. Terase en conta tanto a

percepción dos usuarios como a percepción das persoas máis vinculadas a eles: familiares e profesionais.

Ante esta visión comunitaria, formúlase unha estratexia de investigación acción-participación (IAP) que pode desencadear un cambio social, no caso de que a comunidade estudada así o demande: a inclusión da figura do terapeuta ocupacional na vivenda comunitaria<sup>(32)</sup>.

De acordo con esta filosofía, podemos distinguir catro etapas no proceso da investigación<sup>(32)</sup>:

**Fase I:** trátase da etapa de identificación dunha problemática, busca de testemuños e investigadores interesados na temática.

**Fase II:** trátase dunha etapa de encontros e recollida de información que permita o consenso sobre as liñas de actuación.


**Fase III:** aplícanse as propostas e o consenso negociados na fase anterior.

**Fase IV:** lévase a cabo o proceso de investigación, analízanse os obxectivos fixados inicialmente e os resultados acadados.

### 5.3 Contextualización

O presente proxecto de intervención de terapia ocupacional está dirixido á poboación dun concello rural, concretamente aos usuarios dunha vivenda comunitaria, iniciativa pioneira na comarca chairega. O concello ao que se dirixe a investigación non é alleo a este fenómeno de transformación poboacional e tamén sofre un importante envellecemento (véxase figura 1).


Percepción das necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria.



**Figura 1: perfil poboacional do concello chairego**

**Fonte: INE**

É un concello localizado na metade norte da provincia de Lugo (véxase figura 2), situado na comarca da Terra Cha, a 28 km da capital lucense<sup>(33)</sup>.



**Figura 2: localización da comarca**

**Fonte: páxina oficial do concello**

Os Servizos Sociais do concello, xestionan e ofertan os seguintes servizos para persoas maiores<sup>(34)</sup>:

- axuda no fogar
- recoñecemento do grao de dependencia
- xantar na casa
- servizo de teleasistencia
- viaxes para maiores
- centro de día
- **vivenda comunitaria**
- outros servizos: cursos de cestería, memoria, pintura, pilates e xerontoximnasia

A Terra Cha é a comarca de maior extensión da comunidade galega, con 1.822,75 km<sup>2</sup> de superficie, sita na zona norte e interior da provincia de Lugo. Está conformada por nove concellos: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza, Vilalba (capital comarcal) e Xermade<sup>(33-34)</sup>.

A Terra Cha é unha comarca rural, onde a economía depende principalmente da agricultura e gandaría<sup>(34)</sup>.

O recurso en que se vai levar a cabo a investigación ofrece atención a un total de doce usuarios. A vivenda conta con dúas plantas. Na planta baixa sitúanse a cociña, a despensa, o comedor, os baños, a lavandería e a oficina. No segundo andar sitúanse os cuartos. No exterior, o inmovible conta cun alpendre, forno de pan, horta e unha leira acondicionada de 2000 metros cadrados.

#### **5.4 Entrada ao campo**

A entrada ao campo realizarase contactando coa traballadora social do concello, despois de asinar o seu consentimento informado para participar na investigación (APÉNDICE I), quen se encargará de transmitir

o proxecto á dirección e ás persoas usuarias do centro. Posteriormente, a investigadora terá unha reunión coa dirección da vivenda para entregar a folla de aceptación do comezo do estudo da información, documento que tamén asinará a traballadora social do concello, (APÉNDICE II) e solicitar o consentimento informado para participar neste (APÉNDICE I). A persoa que ocupa a dirección do centro será a encargada, xunto coa traballadora social, de lles facilitar o acceso aos posibles informantes que participarán no estudo, unha vez que lean e comprendan a folla de información (APÉNDICE III) e accedan a asinar o consentimento informado (APÉNDICE I).

### 5.5 Poboación de estudo

A mostra está composta por tres grupos: usuarios, familiares e profesionais.

Para seleccionar as persoas participantes, realizáronse dous tipos de mostraxe<sup>(35-36)</sup>:

**Mostraxe de avalancha:** o investigador escolle estratexicamente un informante chave, que será o que capte a colaboración do resto de participantes. Neste caso, os informantes chave serán a traballadora social e a dirección da vivenda comunitaria, que difundirán o estudo e captarán a usuarios do recurso, familiares e traballadores. A figura do informante chave convértese, por tanto, en ponte ou nexo de unión entre terapeuta ocupacional e comunidade.

**Mostraxe teórica:** baséase na posibilidade e/ou capacidade dos informantes para desencadear cambios na realidade xa coñecida.

A poboación de estudo foi intencional e non aleatoria e quedou definida polas limitacións de criterios de inclusión e exclusión (véxanse as táboas IV, V e VI).



Percepción das necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria.

**Táboa IV: criterios de inclusión e exclusión dos usuarios para a mostra de estudo**

Fonte: elaboración propia

<b>Usuarios da vivenda comunitaria:</b>	
<b>Criterios de inclusión</b>	<b>Criterios de exclusión</b>
-ser usuario da vivenda comunitaria, polo menos, desde hai 3 meses	-non asinar o consentimento informado de participación
-residir na comarca Chairega	-non conseguir a participación da familia
	-ter menos de 65 anos

**Táboa V: criterios de inclusión e exclusión dos familiares de usuarios para a mostra de estudo**

Fonte: elaboración propia

<b>Familiares dos residentes:</b>	
<b>Criterios de inclusión</b>	<b>Criterios de exclusión</b>
-Ser coidador principal durante o último ano	-Non asinar o consentimento informado
-Prestar coidados de xeito altruísta	-Que o familiar non resida no entorno da vivenda comunitaria

**Táboa VI: criterios de inclusión e exclusión dos profesionais do recurso para a mostra de estudo**

Fonte: elaboración propia

Profesionais da vivenda:	
Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
-Experiencia no eido da xerontoloxía, polo menos durante dous anos	-Non traballar na vivenda comunitaria
-Experiencia laboral no recurso de 3 meses mínimo	-Non asinar o consentimento informado
	-Non ter experiencia noutro tipo de recursos de atención á xerontoloxía

## 5.6 Técnicas de recollida de datos

O proceso de recollida de datos realizarase mediante dúas técnicas: a observación participante e entrevistas semiestruturadas (APÉNDICE IV).

**Observación participante**<sup>(37)</sup>: permite observar as persoas no seu contorno natural. Esixe unha implicación por parte do investigador, compartindo e participando nas actividades realizadas polos usuarios estudados. A investigadora desprazarase á vivenda para ver o desempeño ocupacional *in situ*, así como o día a día dos participantes.

**Entrevistas semiestruturadas**<sup>(38)</sup>: nesta investigación empregaranse entrevistas semiestruturadas, con preguntas de carácter aberto, que aporten flexibilidade e se poidan adaptar ás necesidades que vaian xurdindo. Deste xeito, permítese que as persoas participantes respondan libremente, co fin de explorar o fenómeno, profundar e coñecer a información relevante para a investigación. Con esta técnica coñeceremos a perspectiva dos

diferentes participantes e explorarase a posible necesidade dun servizo de terapia ocupacional na vivenda comunitaria. Explicaráselles ás persoas participantes no estudo, o propósito da entrevista e solicitaráselles a autorización para ser gravados. A investigadora deseñará unha guía de entrevista, con preguntas categorizadas que tentarán dar resposta aos obxectivos do estudo. Deseñarase un modelo diferente para cada grupo informante. As entrevistas realizaranse nas estancias propias da vivenda comunitaria, aínda que, se a parte participante solicitase realizalas noutro espazo, a investigadora non tería inconveniente.

Ademais das técnicas descritas anteriormente, empregarase como ferramenta de traballo o caderno de campo<sup>(39)</sup>, entendéndoa como ferramenta de rexistro diario de todo o relacionado co tema estudado. Nel rexistrarase a información relevante, as datas, as conversacións e as observacións que puidesen xurdir ao longo da investigación.

Tal e como se recolle no consentimento informado (APÉNDICE I), estas entrevistas serán gravadas para a súa análise posterior. Previamente á administración da entrevista, as persoas participantes serán informadas sobre a investigación mediante un documento informativo que se lles entregará (APÉNDICE III) e a aclaración individualizada de calquera dúbida que xurda. Empregarase un modelo de entrevista para cada un dos perfís estudados -usuarios, familiares e profesionais- (APÉNDICE IV). Tal e como se recolle nos criterios de inclusión dos usuarios, a investigadora entrevistará un familiar por cada usuario. Ademais, entrevistaranse os traballadores do centro para conseguir unha visión global do recurso.

Paralelamente á realización das entrevistas, farase acotío un diario de campo, no cal a investigadora fará as anotacións oportunas para así complementar a análise dos datos. Este diario de campo permitirá recoller calquera incidencia que se observe no contexto de estudo, no propio

desenvolvemento da investigación ou outros aspectos que chamen a nosa atención.

## 5.7 Análise dos resultados

A análise dos datos farase de xeito circular e flexible, pois en calquera momento podemos identificar información nova e relevante para o estudo.

A análise dos datos iniciarase desde a recollida de datos ata a saturación teórica, momento no cal a información obtida resulta repetitiva.

A partir da transcripción textual das entrevistas, que serán gravadas, e a lectura do diario de campo, definiranse as categorías que se van analizar.

A análise dos datos virá determinada polas seguintes fases<sup>(36)</sup>:

**Fase I:** Defínense os temas de estudo, transcribindo, lendo e organizando a información recollida. Neste apartado identificaranse as similitudes das experiencias vividas polos diferentes grupos de estudo (usuarios, familiares e profesionais).

**Fase II:** Analízase o contido en si, categorizando a información recollida. A análise será mixta, combinando a información que espontaneamente xorde dos discursos coa información das entrevistas.

**Fase III:** Sintetízase as unidades de significado para obter un resultado, tendo en conta o contexto real.

Ademais, realizarase unha triangulación para contrastar a información extraída coas directoras do proxecto da investigación<sup>(40)</sup>.

## 5.8 Limitacións do estudo

O presente estudo presenta as seguintes limitacións:

- que non se reúna un tamaño mostral axeitado.
- que a mostra non sexa aleatoria.
- que non se poidan extrapolar os resultados da investigación á poboación en xeral, pola pertenza dos participantes a unha mesma comunidade.
- que a investigadora non teña experiencia profesional como terapeuta ocupacional.

## 5.9 Rigor metodolóxico e credibilidade

Para garantir o rigor científico deste proxecto, teranse en conta os seguintes aspectos<sup>(40-41)</sup>:

**Credibilidade:** a investigadora describirá a perspectiva dos participantes a partir dos datos emerxidos do propio estudo. Isto conseguirase mediante a transcripción textual de toda a información obtida a través dos diferentes instrumentos de recollida de datos.

**Dependencia:** implica a invariabilidade dos resultados e o coñecemento dos factores que poderían xustificar algún tipo de variación ó reproducir a investigación. Esta garantirase mediante a triangulación da información obtida, descrición da mostra e dispoñibilidade dos textos textuais.

**Confirmabilidade:** a investigadora amosará unha postura neutra durante toda a investigación, disminuindo así a posibilidade de sesgos nos resultados.

**Transferibilidade:** refírese á posibilidade de aplicar os resultados obtidos nesta investigación noutros contextos diferentes. Para a consecución deste aspecto, farase unha descrición detallada de todo o proceso de investigación.

## 5.10 Aplicabilidade

Os resultados da presente investigación permitirannos coñecer a realidade ocupacional dos usuarios da vivenda comunitaria da Terra Cha. Grazas ao papel activo dos distintos perfís das persoas participantes na investigación, poderemos contar cunha base argumentativa para xustificar ou non, a necesidade de incluír a figura do terapeuta ocupacional neste tipo de recursos.

Deste xeito, os resultados terán diferentes aplicacións:

**Teórica:** conseguírase unha base xustificada das necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria.

**Profesional:** os datos obtidos tras a investigación, proporcionarán nova información e coñecementos que contribuirán á práctica da terapia ocupacional no eido da xerontoloxía. Ademais, este feito permitirá promover a figura do terapeuta ocupacional noutros recursos deste tipo a nivel autonómico e nacional.

**Comunitaria:** o coñecemento da situación real na comarca Chairega facilitará o acceso dos usuarios a unha intervención máis rica e complexa, incluíndo, entre os servizos ofertados, a terapia ocupacional. Promoverase así o desempeño ocupacional da poboación e acadarase a xustiza ocupacional a nivel comunitario.


Percepción das necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria.

## **6. PLAN DE TRABAJO**

No plan de traballo descríbense cada unha das fases que conforman o proxecto de investigación, que abrangue desde xuño de 2019 ata febreiro de 2020, un total de 9 meses (véxase a táboa VII).

**Táboa VII: cronograma do plan de traballo**

**Fonte: elaboración propia**





O proxecto de investigación divídese en catro etapas:

**Etapa preparatoria:** nesta etapa inclúense o achegamento ao campo de estudo, a busca bibliográfica e a redacción do proxecto. A investigadora límitase a revisar información relacionada co tema de estudo. Unha vez recollidas as referencias máis importantes, redáctase o proxecto de investigación describindo aspectos como: os tipos de mostraxe, os criterios de selección das persoas informantes, aspectos éticos, financiamento e posibles fontes de difusión.

**Traballo de campo:** nesta etapa, a investigadora accede ao campo de estudo e recolle a información relevante mediante a entrevista semiestruturada e a observación participante. Ademais de usar ambas as técnicas, a investigadora tamén empregará como ferramenta de recollida de datos, o caderno de campo.

**Análise da información:** unha vez rematada a recollida de información, a investigadora realizará unha transcripción e a lectura exhaustiva dos datos, o que permitirá establecer categorizacións, analizar datos e establecer conclusións.

**Redacción e difusión:** unha vez rematada a análise da información, redáctanse os resultados obtidos para elaborar o informe final. Por último, difundiranse as conclusións en revistas ou congresos relacionados coa temática investigada e darase a coñecer o fenómeno estudado.

## 7. ASPECTOS ÉTICOS

Segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais<sup>(42)</sup>, o anonimato das persoas participantes no estudo será garantido durante toda a investigación, mediante a codificación dos seus datos persoais. Paralelamente, a cesión e comunicación dos datos farase segundo o Regulamento Xeral de Protección de Datos (Regulamento UE 2016-679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016)<sup>(43)</sup>.

Ademais, solicitaráselle permiso para o comezo do estudo ao concello e á dirección da vivenda comunitaria (APÉNDICE II). Paralelamente, todas as persoas participantes na investigación recibirán unha folla informativa sobre o proceso e asinarán un consentimento informado (APÉNDICE III e APÉNDICE I).

Protexerase en todo momento a identidade das persoas participantes. Ademais, este proxecto será presentado ao Comité de Ética de Investigación Clínica de Galicia, CEIC (APÉNDICE V) e ao Comité de Ética da Investigación e a Docencia da UDC (APÉNDICE VI).

## 8. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS

Os resultados da investigación serán difundidos a través das seguintes revistas científicas e congresos:

### 8.1 Revistas científicas

- **Nacionais**
  - Revista de Terapia Ocupacional Galicia (TOG)
  - Revista Informativa da Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionales (APETO)

- **Internacionais**

- American Journal of Occupational Therapy (AJOT)

Factor impacto JCR 3,325

- Canadian Journal of Occupational Therapy (CJOT)

Factor impacto JCR 1,327

- British Journal of Occupational Therapy (BJOT)

Factor impacto JCR 0,754

## 8.2 Congresos

- **Nacionais**

- XX Congreso Nacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional (CENTO), 2020

- 32 Congreso Internacional de Xeriatría e Xerontoloxía, Pontevedra (data por concretar)

- 62 Congreso Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía, SEGG (data por concretar)

- **Internacionais**

- Congress of the World Federation of Occupational Therapists, 2022 (París)

- VI Congreso Internacional de Terapia Ocupacional (CITO), 2020

## **9. FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN**

### **9.1 Recursos necesarios**

Para levar a cabo este estudo é necesario contar con recursos espaciais, neste caso contaremos co espazo do propio recurso participante na investigación.

En canto a recursos humanos, a investigación contará coa figura dun terapeuta ocupacional a media xornada, que será a investigadora principal. O contrato laboral será de nove meses, segundo queda recollido no cronograma do plan de traballo.

No referente a recursos materiais, será preciso material funxible (caderno de campo e material de oficina) e material audiovisual (impresora e gravadora de voz). O ordenador que se empregará será o da propia investigadora, utilizando a conexión a internet do propio recurso comunitario.

Finalmente, hai que mencionar os recursos económicos necesarios para a mobilidade e a difusión da investigación (véxase a táboa VIII).

Táboa VIII: recursos económicos necesarios

Fonte: elaboración propia

	CONCEPTO/CUSTO		IMPORTE
<b>Recursos espaciais:</b>	Vivenda comunitaria		0 €
<b>Recursos materiais:</b>	Material funxible	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fotocopias</li> <li>• Cadernos</li> <li>• Folios</li> <li>• ...</li> </ul>	100 €
	Material inventariable	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impresora HP Envy 5030</li> <li>• Cartuchos (tinta negra e color)</li> <li>• Gravadora de voz dixital COOAU.</li> <li>• Memoria USB e ordenador, propios da investigadora.</li> </ul>	100 €
<b>Recursos persoais:</b>	Salario de terapeuta ocupacional segundo o convenio de residencias privadas da terceira idade		5620 €
<b>Transporte:</b>	Gastos de transporte		300 €
<b>Viaxes / dietas:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inscricións</li> <li>• Aloxamento</li> <li>• Desprazamento</li> </ul>		1000 €
<b>Outros:</b>	Posibles imprevistos		300 €
<b>Total:</b>			7420 €

## 9.2 Posibles fontes de financiamento

Para este proxecto de investigación fíxose unha busca sobre posibles fontes de financiamento. Deste xeito, seleccionáronse como posibles axudas económicas as seguintes:

**Obra Social "La Caixa":** Acción social no ámbito rural, convocatoria anual. Esta convocatoria ten como obxectivo impulsar proxectos adaptados ás necesidades específicas do medio rural, incluíndo as persoas maiores.

**Fundación MAPFRE, programa SéSolidario convocatoria anual:** programa que ten como obxectivo impulsar oportunidades de desenvolvemento social.

**Axudas á investigación de Ignacio H. de Larramendi:** pensando no futuro. Convocatoria 2020. Iniciativa que tenta facilitalo apoio económico para a realización de proxectos de investigación nas áreas de Promoción da Saúde e Seguro e Previsión Social.

**Beca Primitivo de Vega:** iniciativa de Investigación destinada a facilitala realización de traballos na área de atención ás persoas maiores.

**Pograma Estatal de investigación, desenvolvemento e innovación:** Marco do Plan Estatal de Investigación científica, técnica e de innovación 2013-2020. Comprende dende a xeración das ideas ata a súa incorporación ó mercado en forma de novos produtos ou procesos, mellorando a calidade de vida e o benestar da cidadanía e contribuíndo ao desenvolvemento económico

Percepción das necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria.

**Axudas do propio concello:** solicitarase unha axuda ao propio concello por ser unha investigación orientada á propia comunidade.

## AGRADECEMENTOS

Para comezar, quero agradecer todo o apoio recibido ás miñas titoras: Raquel Feal e Rebeca Ramos, que me apoiaron e me guiaron neste longo proceso de aprendizaxe, sen a súa axuda isto non sería posible.

Quero tamén nomear a Nereida Canosa, Francisco Javier Uranga, María Sobrido e M<sup>a</sup> Jesús Movilla polos seus consellos.

Non os poido esquecer a eles, os meus amigos, que dalgún xeito tamén forman parte deste proxecto: Ana, Miguel, Miriam, Jaime, Marta e Bea. A vós rapazada, que sempre tivestes para min unha verba de alento e alegría!

E por último, grazas tamén aos meus compañeiros de clase, que tantos bos e malos momentos compartiron comigo, especialmente a Susana, Eva, Lucía e Helena.

Sen máis, grazas por todo amigos!

Para rematar, dedico este traballo á miña familia, por sempre estar aí...

Non poido continuar, sen antes nomealos a eles, os meus pais. Por eles son e por eles estou aquí.

Na túa memoria papá, que me ensinaches a loitar polos soños e me transmitiches os valores da vida, por todo o que me ensinaches.

A ti mamá, que es a mellor persoa que coñecín neste mundo e que sempre me transmitiches o empuxe necesario para vencer as trabas da vida.

A ti Hugo, compañeiro de vida, marido e bo amigo, darche tamén as grazas por toda a túa paciencia, por alentarme en tantos momentos nos que se me acababan os folgos...grazas por saber compartir durante todos estes anos o meu tempo coa terapia ocupacional.

A vós padriños, por vos sentir tan orgullosos de min.



## APÉNDICES

### APÉNDICE I: consentimento para participar no estudo de investigación

TÍTULO: Intervención de terapia ocupacional nunha vivenda comunitaria.  
Eu, don/dona-----co DNI....., lin a folia de información ao participante do estudo de investigación que figura arriba.

A investigadora, Sonia Vélez Vélez, facilitoume todo tipo de información en relación con este.

Comprendo que a miña participación é voluntaria e que me poido negar ao estudo no momento en que así o desexe, sen ter que o xustificar.

Comprendo e consinto tamén, que se me grave durante a realización da entrevista.

Presto libremente a miña conformidade para participar na investigación.

Respecto á conservación e utilización futura dos datos:

- Accedo a que sexan conservados unha vez rematado o estudo.
- Non accedo a que sexan conservados unha vez rematado o estudo.

En canto aos resultados da investigación:

- Desexo coñecer os resultados.
- Non desexo coñecer os resultados.

O/a participante  
(sinatura)

O/a investigador/a  
(sinatura)

Data:

Grazas pola súa participación.

## **APÉNDICE II: solicitude de aceptación do comezo do estudo de investigación**

Estimado/a señor/a:

Son alumna do grao de Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña. Como estudante de cuarto curso, estou a desenvolver o meu Traballo de Fin de Grao que consiste na percepción das necesidades ocupacionais dos usuarios da vivenda comunitaria sita no seu concello e a posible proposta dunha intervención de Terapia Ocupacional.

Mediante este documento pretendo dar a coñecer a miña proposta e solicitar a súa posible colaboración. Por este motivo, gustaríame poder falar con vostede persoalmente.

Agardo a súa resposta.

Sen máis, quedo á súa disposición.

Tlfn: 6373355XX.      correo electrónico: s.velez@udc.es.

Un cordial saúdo,

Sonia Vélez Vélez.

(Futura terapeuta ocupacional)

## **APÉNDICE III: folla de información sobre o estudo de investigación**

INVESTIGADORA: Sonia Vélez Vélez.

Estimado/a señor/a:

- Son Sonia Vélez Vélez, alumna do grao de Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña. Como estudante de cuarto curso, estou a desenvolver o meu traballo Fin de Grao que consiste na exploración das necesidades ocupacionais e vivencias das persoas usuarias da vivenda comunitaria sita no seu concello, para unha posterior proposta dun programa de intervención de terapia ocupacional.

Mediante este documento pretendo dar a coñecer o estudo de investigación en que está convidado/a a participar.

Se accede á participación, recibirá toda a información que precise.

Se o desexa, pode levar o presente documento, comentalo con outras persoas e asinalo despois dun tempo de reflexión. Lembre que a participación neste estudo é completamente voluntaria. Vostede pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de opinión retirando o consentimento en calquera momento sen a obriga de achegar xustificacións.

**Cal é o propósito do estudo?** O propósito do estudo é explorar a necesidade dun servizo de terapia ocupacional na vivenda comunitaria do seu concello.

**Por que me ofrecen participar a min?**

Porque vostede reúne os criterios de inclusión definidos para levar a cabo a investigación.

### **En que consiste a miña participación?**

Vostede participará nunha entrevista semiestructurada, que co seu consentimento será gravada para a posterior análise da información. Ademais, a investigadora realizará unha observación *in situ* do seu día a día na vivenda comunitaria e tomará as pertinentes anotacións nun diario de campo.

### **Recibirei a información que se obteña no estudo?**

Se vostede o desexa, si. Así mesmo, tamén lle achegaremos unha copia da entrevista unha vez administrada.

### **Publicaranse os resultados deste estudo?**

Si. Os resultados deste estudo serán remitidos a publicacións científicas para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida facilitar a identificación dos seus participantes.

### **Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?**

A obtención, o tratamento, a conservación, a comunicación e a cesión dos seus datos farase conforme ao que está disposto no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016-679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27/04/2016) e á normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía de dereitos dixitais).

Os datos do estudo serán recollidos e conservados de xeito codificado, de tal forma que só o equipo investigador coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

En todo momento, vostede pode acceder aos datos, limitar o seu tratamento, corrixilos ou cancelalos.

### **Que acontecerá cos datos obtidos?**

Os datos serán analizados, e difundidos mediante un artigo e a exposición en diversas revistas e congresos. Co obxectivo de aumentala bibliografía referente aos servizos de terapia ocupacional e, evidenciando así, a necesidade da figura do terapeuta ocupacional nas vivendas comunitarias.

**Existen intereses económicos neste estudo?**

Non existen intereses económicos.

**Este estudo implica riscos para a persoa participante?**

Non, a súa participación nesta investigación non implica ningún risco para a súa saúde

Quedo á súa disposición para aclarar calquera dúbida.

Tlfn: 6373355XX. correo electrónico: s.velez@udc.es.

Sen máis, agadézolle a súa atención e colaboración.

Un cordial saúdo,

Sonia Vélez Vélez.

(Investigadora)

## APÉNDICE IV: entrevistas semiestruturadas

### A. ENTREVISTA A USUARIOS:

Idade:

Sexo:

Estado civil:

1. Describa os motivos que o/a trouxeron ata aquí.
2. Antes de acudir á vivenda comunitaria, onde e con quen vivía? Como define esa relación?
3. Conta vostede con algún apoio familiar? No caso afirmativo, diga con quen.
4. Como é o seu día a día na vivenda comunitaria? Como era no seu fogar? Identifica vostede algún cambio no seu día a día desde que chegou á vivenda comunitaria?
5. Pode nomear actividades ou cousas que facía no pasado e que agora bota en falta?
6. Podería vostede indicarme se está satisfeito/a co seu día a día? En caso de non estalo, pode explicarme o motivo?
7. Describa como ocupa o seu tempo libre ou de lecer. Se lle gustaría ocupalo doutro xeito, descríbaos.
8. No pasado, en que traballou? Pode describirme se antes de chegar á vivenda comunitaria, ademais das actividades de autocoidado, realizaba algunha actividade do coidado do fogar ou coidado doutras persoas?
9. No coidado persoal (alimentación, vestirse/espírse ou arranxo persoal), identifica algún cambio con respecto a cando estaba no seu domicilio? No caso afirmativo, descríbaos.
10. Que tarefas domésticas realiza? Se deixou de realizar algunha, podería explicarme a razón?
11. Fálame do seu barrio. Pasea vostede polo barrio?  
No caso afirmativo, Pode vostede explicarme se realiza algunha compra? Pode describirme se manexa temas financeiros e como

Percepción das necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria.

o fai? Podería indicarme se manexa o transporte público? E por último, podería describirme as relacións coa súa veciñanza.

## **B. ENTREVISTA A FAMILIARES:**

Relación de parentesco:

Convivencia: si non

1. Identifica algún cambio na relación desde que o seu familiar reside na vivenda comunitaria? No caso de que a resposta sexa afirmativa, pode explicarme o cambio?
2. Identifica algunha dificultade no eido do autocoidado do seu familiar (dificultades para se vestir, na hixiene persoal...)? No caso de que a resposta sexa afirmativa, pode explicarme as dificultades?
3. Identifica algunha dificultade nas AIVD (manexo do diñeiro, coidado doutros, mobilidade, mantemento do fogar...) No caso de que a resposta sexa afirmativa, pode explicarme as dificultades?
4. Pensa que o seu familiar pode mellorar a súa autonomía? No caso afirmativo, en que.
5. Podería describirme un día típico da vida do seu familiar?
6. Que actividades lle gusta facer ó seu familiar? Recoñece algunha actividade de lecer que o seu familiar deixou de facer desde que chegou á vivenda comunitaria?
7. Como considera que é a participación do seu familiar a nivel social?



### **C. ENTREVISTA A TRABALLADORES:**

1. Que actividades se organizan no centro encamiñadas a que as persoas usuarias gocen do tempo libre?
2. Cales son as rutinas diarias que se manteñen no centro?
3. Detecta a carencia dalgún perfil profesional no seu centro de traballo? No caso afirmativo, podería describilo?
4. En xeral, cales son as queixas ou demandas maioritarias do grupo de usuarios cos que traballa?
5. Pode identificar en que tarefas as persoas residentes precisan maior apoio?

## APÉNDICE V: solicitude ao Comité de Ética de Investigación Clínica de Galicia.



CEIC de Galicia  
Edificio Administrativo de San Lázaro  
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 881 548425  
www.sergas.es/ceic

Sonia Vélez Vélez

Con teléfono de contacto: 6373355XX

correo-electrónico:s.velez@udc.es

SOLICITA a avaliación por parte do Comité de:

- Protocolo novo de investigación
- Resposta ás aclaracións solicitadas polo Comité
- Modificación do protocolo

Do estudo: “Percepción das necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria”

Investigador/a principal: Sonia Vélez Vélez.

Comercial:

Non comercial:  (confirma que cumpre os requisitos para a exención de taxas segundo o art.57 da Lei 16/2008, de 23 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. DOGA de 31 de decembro de 2008).

Código:

Versión:

Tipo de estudo:

- Ensaio clínico con medicamentos
- Ensaio clínico con produtos sanitarios
- EPA-SP (estudo post-autorización con medicamentos seguimento prospectivo)

■ Outros estudos non incluídos nas categorías anteriores

Listado de centros\* de Galicia cos seus investigadores correspondentes

Centro de investigación:	Investigadora principal:
Vivenda comunitaria, comarca Terra Cha.	Sonia Vélez Vélez.

\*Deberá existir ao menos un investigador responsable en cada centro onde se pretendan recrutar pacientes ou se obteñan mostras biolóxicas de orixe humano ou rexistros que conteñan datos de carácter persoal.

Xunto achégase a documentación necesaria en base aos requisitos que figuran na web do CEIC de Galicia.

En .....a .....de.... De....

Asdo.: Sonia Vélez Vélez.

PRESIDENTE DO CEIC DE GALICIA

## **APÉNDICE VI: solicitude ao Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña**



Sonia Vélez Vélez.

Teléfono de contacto: 6373355XX e correo electrónico: [s.velez@udc.es](mailto:s.velez@udc.es)

Solicito a avaliación por parte do Comité de Ética da Investigación e a Docencia da UDC do meu proxecto de investigación titulado "Percepción das necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria". A investigación ten como principal obxectivo explorar as necesidades ocupacionais dos usuarios dunha vivenda comunitaria da comarca da Terra Cha e a posible posta en marcha dun servizo de terapia ocupacional.

Achego a documentación necesaria segundo os requisitos que figuran na web do Comité Ético da Universidade da Coruña.

.....,..... de ..... de.....

## **APÉNDICE VII: listaxe de acrónimos**

INE: Instituto Nacional de Estatística.

OMS: Organización Mundial da Saúde.

EA: Envellecemento activo.

WFOT: Fundación Mundial de Terapeutas Ocupacionais.

ENSE: Enquisa Nacional de Saúde.

DOG: Diario Oficial de Galicia.

CV: Calidade de vida.

ABVDs: Actividades básicas da vida diaria.

AIVDs: Actividades instrumentais da vida diaria.

AOTA: Asociación Americana de Terapia Ocupacional.

BOE: Boletín Oficial do Estado.

IGE: Instituto Galego de Estatística.

IAP: Investigación acción-participación.

CEIC: Comité de Ética de Investigación Clínica de Galicia.

TOG: Revista de Terapia Ocupacional de Galicia.

APETO: Revista Informativa da Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionais.

AJOT: American Journal of Occupational Therapy.

CJOT: Canadian Journal of Occupational Therapy.

BJOT: British Journal of Occupational Therapy.

CENTO: Congreso Nacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional.

SEGG: Sociedad Española de Geriatría y Gerontología.

CITO: Congreso Internacional de Terapia Ocupacional.